

BASES DO SORTEO DUNHA VIAXE A OPORTO PARA DÚAS PERSOAS

PATROCINADO POLA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA

PRIMEIRA.- A Fundación de Exposicións e Congressos da Estrada, levará a cabo do 19 ao 22 de setembro, unha promoción baixo a modalidade de “sorteo”.

SEGUNDA.- O obxectivo desta promoción é empregala como estratexia de marketing para incrementar a afluencia de visitantes e igualmente premiar ao gañador/a cunha viaxe a Oporto para dúas persoas.

TERCEIRO.- Forma de participación: Neste sorteo, participarán todas as persoas físicas que merquen a súa entrada e asistan en calidade de visitantes á 36ª Feira do Moble de Galicia que se desenvolverá no Recinto Feiral estradense dos días 19 ao 22 de setembro de 2024. A propia entrada que da acceso o recinto, custa 2€ e será válida para todos os días, agás o 19 de setembro que será entrada gratuíta.

Non poderán participar no sorteo os familiares directos (pais, fillos e irmáns) das firmas expositoras participantes neste certame.

CUARTO.- A participación neste sorteo, supón a aceptación dos presentes termos e condicións, así como do criterio da Fundación de Exposicións e Congressos da Estrada, no tocante á resolución de calqueira cuestión derivada do sorteo.

QUINTO.- A Fundación de Exposicións e Congressos da Estrada, empregará para o sorteo, todas as entradas depositadas polos visitantes na urna ubicada a tal efecto, no pavillón nº. 5. As entradas, serán entregadas no mostrador da entrada principal da feira, a razón dunha entrada por visitante. É condición indispensable que a persoa agraciada sexa maior de idade.

Na entrada depositada na urna, debe figurar o nome completo e os apelidos do visitante, así como, o seu DNI.

SEXTO.- Premio:

O premio consistirá nunha viaxe de dous días a Oporto para dúas persoas.

O premio inclúe:

- Dúas noites en aloxamento e almorzón buffet no Hotel da Música (Oporto-Portugal).

- Copa e tratamento vip de benvida.
- Unha cea (bebidas non incluídas) por persoa e programa, no restaurante do hotel.
- Un cruceiro de tres horas polo río Douro con cea (bebidas da casa incluídas) e música.
- Visita e cata nunhas adegas de viño en Oporto.
- Bus turístico: Billete válido perante 48 horas (parada próxima ao Hotel).
- Un billete de ida e volta no teleférico de Gaia

O premio non inclúe:

Traslados de ida e volta a Oporto.

A viaxe realizarase o día 16 de Novembro de 2024

SÉTIMO.- Entrarán en sorteo unicamente as papeletas depositadas na urna a tal efecto, antes das 20 horas do día 22 de setembro de 2024. O premio non será canxeable por diñeiro. A persoa agasallada será obrigatoriamente maior de idade.

O/a gañador/a, non poderá traspasar a viaxe a outra persoa allea á que figura na papeleta gañadora, tan só quedará á súa elección, a determinación da persoa acompañante, sendo requisito indispensable que sea maior de idade.

OITAVO.- O sorteo será público e realizarase en directo o 22 de setembro, ás 20 horas, no pavillón nº. 5, dándose a coñecer o nome do/a gañador/a nos diferentes medios de comunicación (Prensa, radio, etc...).

NOVENO.- O/a gañador/a, será contactado/a directamente pola entidade patrocinadora do sorteo, empregando os datos persoais que figuren na papeleta agraciada. Transcurridos 5 días da notificación e/ou intento de notificación sin éxito por parte da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, ou a non confirmación do/a gañador/a conforme acepta o premio e as súas condicións, éste quedará anulado.

DÉCIMA.- A aceptación do premio por parte do/a gañador/a implica expresamente a autorización á Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada para empregar e publicar o seu nome e apelidos e outros datos, así como, a su imaxen, en calquera Publio-promocional relacionada coa promoción do presente sorteo. A utilización da imaxe do/a gañador/a, non lle confire a éste/a dereito de remuneración ou beneficio algún, con excepción da entrega do premio gañado. En caso de negativa, perderá o dereito a disfrutar do premio.

UNDÉCIMA.- Todos/as os/as participantes no sorteo, polo mero feito de participar, aceptan expresamente as bases desta promoción así como, as normas que rixen a súa participación.

DUODÉCIMA.- As presentes bases aparecerán recollidas e dispoñibles ao público na páxina web da Fundación de Exposicións e Congressos da Estrada www.feiradomoble.gal

DÉCIMO TERCEIRA.- Para o coñecemento de calquera litixio que puidese suscitarse en canto á interpretación ou aplicación das presentes bases, tanto a Fundación de Exposicións e Congressos da Estrada como os participantes no presente sorteo, sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais da Estrada, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles.